

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

DA CORUÑA

**Acta da sesión ORDINARIA
celebrada pola EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL
o 23 de DECEMBRO de 2004**

ORDE DO DÍA dos asuntos que se van tratar na Sesión Plenaria Ordinaria que se celebrará o vindeiro xoves, día 23 de decembro de 2004, ás DOCE HORAS.

ASUNTOS

Central-Actas

- 1.- Aprobación da acta anterior, nº 13/04, correspondente á sesión celebrada o 25 de novembro de 2004.
- 2.- Toma de coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 17.000 deica a 18.899.

Economía, Facenda e Especial de Contas

- 3.- Ampliación de delegación de competencias en materia tributaria polo Concello de Carral.
- 4.- Ampliación de delegación de competencias en materia tributaria polo Concello de Oroso.
- 5.- Modificación do préstamo con Caixa Galicia, formalizado o 19 de xullo de 2002.

Infraestruturas Viarias: Vías e Obras Provinciais

- 6.- Aprobación do texto do convenio que se ha subscribir entre a Deputación Provincial da Coruña e empresas subministradoras de enerxía eléctrica para regular as instalacións de liñas eléctricas nas marxes das estradas provinciais.
- 7.- Aprobación de addenda ao convenio de colaboración entre a Xunta e a Deputación Provincial da Coruña para subvencionar a peaxe da Barcala na autoestrada AP-9 para o exercicio 2005.
- 8.- Aprobación de addenda ao convenio de colaboración entre a Xunta e a Deputación Provincial da Coruña e Caixa Galicia para a posta en funcionamento dunha tarxeta para subvencionar a peaxe no treito A Coruña-A Barcala na autoestrada AP-9.
- 9.- Aprobación anticipada da 1ª fase do Plan de vías provinciais 2005.
- 10.- Aprobación do proxecto reformado da ampliación e mellora do trazado no treito p.k. 9,600 a p.k. 13,100 da E.P. 1105 de Noia a Cabo de Cruz-Boiro.

11.- Aprobación do proxecto reformado da ampliación e mellora do trazado no treito p.k. 13,100 a p.k. 16,500 da E.P. 1105 de Noia a Cabo de Cruz-Boiro.

12.- Aprobación do expediente de mutación demanial subxectiva que ocasiona a transferencia de titularidade da E.P. 0601 de Arzúa a Ponte de San Xusto por Dombodán á Xunta de Galicia, para que forme parte da rede de estradas de titularidade autonómica.

Cooperación e Asistencia a Concellos

13.- Aprobación do proxecto reformado da obra “Beirarrúas en Piosa” do Concello de Camariñas, incluída no POS 2004. Código 04.2100.0066.0.

14.- Aprobación do proxecto reformado da obra “Reposición de servizos r/ Celso Emilio Ferreiro” do Concello de Mugaros, incluída no POS 2004. Código 04.2100.0193.0.

15.- Aprobación do proxecto reformado da obra “Abastecemento de auga a Mesía pl., do Concello de Mesía, incluída no Programa operativo local adicional 1/2003 e POL 2004. Código 03.2301.0114.0.

Plans Especiais, Contratación e Equipamento

16.- Aprobación de convenio co Concello de Arzúa para a cesión de uso dun local á Deputación Provincial da Coruña con destino á oficina do Servizo Provincial de Recadación.

17.- Aprobación do proxecto reformado Igrexa de Santiago de Betanzos. Arquitectura popular.

18.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a *Asociación de Voluntarios para Ayuda a Necesitados* (AVAN) para adquirir unha ambulancia.

19.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Fundación Secretariado Xeral Xitano para o desenvolvemento no Concello de Santiago de Compostela do Programa de acceso ao emprego “ACCEDER”.

20.- Aprobación do proxecto reformado da obra “Rotonda na intersección das estradas AC-190 e AC-180 no Carballo” do Concello de Oleiros, incluída no Plan XXI de infraestruturas locais de transporte e de travesías municipais 2003. Código 03.3800.0083.0.

21.- Aprobación do proxecto reformado da obra contida no Plan 2000 de recuperación de arquitectura popular “Reparacións xerais na igrexa de Augas Santas”, Concello de Trazo. Código 02.4100.0551.0.

22.- Aprobación do Plan de protección do patrimonio arqueolóxico provincial (dolmen de Dombate) 2004-2005 1ª fase e solicitude á Xunta de Galicia da declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola execución de obras.

Promoción Económica, Emprego e Turismo

23.- Dar conta da resolución da Presidencia nº 18.663 pola que se modifica o Proxecto de urbanización de acceso a vivendas sociais, 2ª fase, Concello de Valdoviño.

ACTUACIÓN DE CONTROL

MOCIÓN DO GRUPO POPULAR PARA SOLICITAR A ADXUDICACIÓN DO PORTO EXTERIOR DE PUNTA LANGOSTEIRA.

MOCIÓNS DE URXENCIA (SE AS HOUBER)

ROGOS E PREGUNTAS

DONA PILAR SOUTO IGLESIAS	PSOE
DON MANUEL TABOADA VIGO	PP
DON JOSÉ LUIS TORRES COLOMER	PP
DONA MARGARIDA VÁZQUEZ VERAS	BNG
DON PABLO VILLAMAR DÍAZ	BNG

Actúa como secretario, don José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Corporación e está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás doce horas e vinte minutos, o Sr. secretario procede á lectura dos asuntos incluídos na orde do día, tocante aos cales, por unanimidade, agás nos casos en que se indique, adoptáronse os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR, Nº 13/04, CORRESPONDENTE Á SESIÓN CELEBRADA O 25 DE NOVIEMBRE DE 2004.

INTERVENCIONS

Sr. secretario

Na folla número 60 había un pequeno erro material, onde dicía no convenio co Ministerio de Defensa Fontelonga-Ferrol, “faise constar que o presente convenio foi aprobado por Resolución da Presidencia”, substitúese esta folla por outra onde di “faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario”, dígoo porque acompaña á relación orixinal a folla que debe substituír a páxina 60.

ACORDO

Apróbase a acta anterior, nº 13/04, correspondente á sesión celebrada o 25 de novembro de 2004.

2.- TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA PRESIDENCIA, DA Nº 17.000 DEICA A 18.899.

A Corporación toma coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 17.000 deica a 18.899.

3.- AMPLIACIÓN DE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS EN MATERIA TRIBUTARIA POLO CONCELLO DE CARRAL.

INTERVENCIONES

Sr. Torres Colomer

Para dicir desde o Grupo Provincial Popular que do punto número 3 até o 23, inclusive, imos votar todos a favor porque son algúns simples temas de trámite, outros reformados de proxectos sen incremento, nalgúns casos aínda hai redución económica, e noutros o aumento sería por conta do concello, polo tanto, imos votar a favor de todos eles.

ACORDO

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“Aceptar a ampliación de competencias delegadas en materia tributaria acordada polo Concello de Carral en relación coa seguinte materia:

- Recadación voluntaria e executiva das sancións municipais por infraccións da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria, incluíndo a colaboración previa co concello para identificar os propietarios dos vehículos cos que se cometeran as infraccións.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación levarase a cabo nos termos establecidos nas Bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia, e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia, conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

4.- AMPLIACIÓN DE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS EN MATERIA TRIBUTARIA POLO CONCELLO DE OROSO.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“Aceptar a ampliación de competencias delegadas en materia tributaria acordada polo Concello de Oroso en relación coa seguinte materia:

- Recadación en período executivo de tributos, prezos públicos e calquera outro ingreso de dereito público de carácter non periódico ou de periodicidade inferior ao ano.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación levarase a cabo nos termos establecidos nas Bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia, e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

5.- MODIFICACIÓN DO PRÉSTAMO CON CAIXA GALICIA, FORMALIZADO O 19 DE XULLO DE 2002.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“De acordo coa proposta formulada pola Presidencia desta Excma. Deputación provincial, de modificación do contrato do préstamo con Caixa Galicia, formalizado o 19 de xullo de 2002, por importe de 14.235.000,00€, cun período de carencia dende a dita data até o 30 de setembro de 2005 co obxecto de financiar os investimentos do Plan XXI de infraestruturas locais de transporte, segundo a estipulación primeira daquel.

Esta comisión adopta o seguinte acordo:

1º.- Modificar as cláusulas do citado contrato relacionadas a continuación conforme a seguinte redacción:

PRIMEIRA: Dende a data de formalización e até o 31.12.04, Caixa de Aforros de Galicia ábrele un crédito á Excma. Deputación Provincial da Coruña, por importe de CATORCE MILLÓNS DOUSCENTOS TRINTA E CINCO MIL EUROS (14.235.000,00€), con destino a financiar os investimentos do Plan XXI de infraestruturas locais de transporte.

SÉTIMA: A Excma. Deputación Provincial da Coruña obrígase a devolver o capital no prazo de 12 anos computados a partir do 01.01.05, mediante corenta e oito entregas trimestrais consecutivas iguais, coincidentes cos días un de xaneiro , un de abril, un de xullo e un de outubro de cada ano, agás a primeira entrega, que deberá efectuarse o 01.04.05 e a derradeira o día 01.01.2017.

A Excma. Deputación poderá anticipar en calquera tempo a amortización total ou parcial do capital se estivese ao corrente no cumprimento das súas demais obrigas. A amortización deberá ser anunciada coa antelación mínima de quince días e a súa data deberá coincidir coa finalización dun período de intereses.

2º.- Consolidar por importe de 14.190.880,14€ con efectos do 31 de decembro de 2004 o préstamo número 550-000-45564/4 de Caixa Galicia, importe finalmente disposto ao producirse unha economía que ascende a 44.119,86€.

3º.- Facultar ao Sr. presidente para que realice as actuacións conducentes á execución desta modificación contractual.”

6.- APROBACIÓN DO TEXTO DO CONVENIO QUE SE HA SUBSCRIBIR ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E EMPRESAS SUBMINISTRADORAS DE ENERXÍA ELÉCTRICA PARA REGULAR AS INSTALACIÓNS DE LIÑAS ELÉCTRICAS NAS MARXES DAS ESTRADAS PROVINCIAIS.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“1.- Deixar sen efecto o convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e as empresas subministradoras de enerxía eléctrica para regular a instalación de liñas eléctricas nas marxes das estradas provinciais, aprobado en sesión plenaria celebrada o día 29 de xuño de 2001.

2.- Aprobar o novo texto do convenio entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e as empresas subministradoras de enerxía eléctrica para regular a instalación de liñas eléctricas nas marxes das estradas provinciais.

3.- Proporlles ás empresas eléctricas que os concellos da provincia poidan adherirse a este convenio.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E AS EMPRESAS SUBMINISTRADORAS DE ENERXÍA ELÉCTRICA PARA REGULAR A INSTALACIÓN DE LIÑAS ELÉCTRICAS NAS MARXES DAS ESTRADAS PROVINCIAIS

A Coruña, de dous mil catro, no pazo provincial, sede da Deputación da Coruña.

REUNIDOS

Dunha parte o Excmo. Sr. DON SALVADOR FERNÁNDEZ MOREDA, Presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña, asistido polo secretario xeral, D.José Luis Almau Supervía e

Doutra D.
eléctrica.

en nome e representación da empresa

As partes intervenientes na representación que desempeñan, formalizan o presente CONVENIO que se articula nas seguintes estipulacións:

I.- FUNDAMENTO

Co obxecto de fixar as condicións a que haberán de se suxeitar as instalacións de liñas de enerxía eléctrica de distribución até 20.000 v. inclusive, e as súas variacións, nas marxes das estradas provinciais a cargo da Excm. Deputación Provincial da Coruña, que ha realizar a empresa fornecedora faise preciso determinar as oportunas normas que figuran no presente convenio.

A Ordenanza reguladora da taxa por autorizacións de utilizacións privativas e aproveitamentos especiais en vías provinciais desta deputación establece no seu artigo 2.3 parágrafo cinco, que “só poderán realizarse obras, actuacións ou instalacións na zona de dominio público da estrada cando a prestación dun servizo público de interese xeral así o esixa, se trate de conexión con ese servizo, de obras imprescindíbeis para acceder á estrada ou de instalacións provisionais por prazo fixado, tras a autorización previa do órgano competente da Administración titular da estrada. Todo iso sen prexuízo doutras competencias concorrentes e do establecido no artigo 1 da Lei 4/1994 de estradas de Galicia”, e no punto 5 parágrafo segundo do mesmo artigo que “na zona de servidume non poderán realizarse obras nin se permitirán máis usos que aqueles que sexan compatíbeis coa seguridade viaria, logo da autorización previa, en calquera caso, do órgano competente da Administración titular da estrada, sen prexuízo doutras competencias concorrentes e do establecido no artigo 53 da citada Lei 4/1994”.

Como queira que a orografía da provincia da Coruña e a estrutura da propiedade caracterizada polo minifundismo, dificultan a construción das liñas aéreas á liña de edificación, e que o trazado da rede provincial de estradas necesita melloras que constantemente se ven dificultadas pola presenza de liñas existentes en zona de dominio público e de servidume, resulta conveniente formalizar un convenio entre a Deputación Provincial da Coruña e a empresa subministradora, como empresa subministradora, para liñas de media e baixa tensión.

II.- NORMAS XERAIS

As instalacións eléctricas e as súas variacións que ha executar a empresa subministradora, nas marxes de vías da rede provincial a cargo da Deputación da Coruña, serán realizadas na forma e nas condicións que se establece no presente convenio e na Ordenanza reguladora aprobada polo Pleno da Corporación, na sesión celebrada o día 25 de outubro de 2002.

Como normas supletorias terase en conta o disposto na Lei 4/1994, do 14 de setembro, de estradas de Galicia e título IX da Lei 54/1997, do 26 de novembro, do sector eléctrico e demais normas de desenvolvemento, sobre expropiación forzosa e servidume para instalacións de enerxía eléctrica, así como demais normativa aplicábel.

III.- NOVAS INSTALACIÓNS

Enténdese por novas instalacións eléctricas, os centros de transformación, toda instalación de postes e elementos de sustentación e colocación de ríostas, e cableado calquera que sexa a súa causa ou motivo, que non sexa reposición dos existentes, así como as novas canalizacións subterráneas ou de cables soterrados sen canalizar.

Non se considera, en cambio, nova instalación, o simple colgado de circuitos novos sempre que non impliquen a colocación de novas crucetas, o tendido de cables por canalizacións preexistentes, as reparacións destas mesmas canalizacións ou a protección dos cables.

A) En zonas non urbanas.

Os centros de transformación, os postes de sustentación e colocación de ríostas das liñas aéreas, tanto en cruzamento como en instalacións paralelas á estrada, quedarán situados, como mínimo, na liña de edificación nas de media tensión e no límite exterior da zona de servidume nas de baixa tensión, e, en calquera caso a 6 metros do eixe da estrada, como distancia mínima.

As conducións subterráneas paralelas á estrada quedarán situadas na zona de servidume e a unha profundidade mínima de 0,50 metros medido dende a parte superior do macizo de protección (que existirá sempre), até o nivel que define o fondo do foxo nas zonas de desmonte e o terreo natural na zona de terraplén, debendo nestes casos sinalizarse na forma que se indique (banda *enterada*, fitos, paneis, bandeirolas, etc).

Naqueles casos en que non exista a posibilidade material de respectar estas distancias, co informe previo do Servizo de Vías e Obras Provinciais e a aprobación do órgano competente da deputación, poderase autorizar nas condicións que se sinalen, as instalacións áreas en zona de servidume e subterráneas en zona de dominio publico, tras a solicitude previa da empresa fornecedora, na que se faga constar o carácter excepcional da ocupación que se solicita, e tendo en conta que estas autorizacións non crean ningún dereito subxectivo no seu titular, son revogábeis por razóns de interese público e sen dereito a ningunha indemnización, de forma que, cando por motivos de interese para a estrada sexa necesario retirar ou modificar esas instalacións, o titular destes permisos poderá ser requirido para suprimir os usos á súa costa e para repor o medio físico ao seu estado anterior, sendo responsábel das indemnizacións polos danos e perdas a terceiros que procedan, como consecuencia do uso autorizado, ou das demoras nas actuacións imputábeis a el.

B) En zona urbana.

En zona urbana e travesías con liña de edificación definida as instalacións deberán axustarse á normativa municipal, sempre que non afecten á calzada.

C) Casos excepcionais.

Nos casos de pasos por pontes, viadutos ou túneles, a Deputación Provincial da Coruña ditará as normas para que, en cada caso, sexan atendidas as circunstancias especiais concorrentes e tras a audiencia á empresa subministradora, no caso de que a proposta discrepe dos puntos de vista expostos pola citada entidade.

IV.- MODIFICACIÓN DE INSTALACIONES

A variación de líneas eléctricas existentes, tanto anteriores á sinatura do presente convenio (con autorización ou sen ela), como as autorizadas ao abeiro del, situadas fóra do dominio público como consecuencia da ampliación e mellora de estradas provinciais, serán financiados da seguinte forma:

A retirada de cables, transporte a vertedoiro de apoios retirados, novo tendido de cables izado de apoios, compra e transporte de apoios novos, *trafos*, condutores, etc, serán custeados integramente pola empresa subministradora. .

A realización da obra civil, como arrinque de apoios, apertura de ocos e posta de formigón, será por conta da Deputación Provincial da Coruña.

No caso de instalacións subterráneas a obra por conta da deputación será a correspondente á apertura e cuberto das gabias, así como a colocación dos tubos facilitados pola empresa subministradora, entendéndose o resto da obra por conta desta última. .

V.- REPOSICIÓN DE INSTALACIONES ELÉCTRICAS

Tratándose de instalacións existentes, a reposición de postes ou elementos auxiliares illados, deberán colocarse axustando a súa localización ás distancias fixadas no punto A) do apartado III.

No caso de que non exista a posibilidade, a xuízo dos servizos técnicos provinciais, de respectar tales distancias, autorízase a colocación no mesmo lugar que ocupaban os que houbese que repor.

Non obstante, se algún poste ou elemento auxiliar estivese situado no foxo ou na plataforma da estrada, ou os servizos técnicos provinciais consideren, que existe un prexuízo para esta, deberán colocarse os novos fóra de ambas as dúas e á distancia que os anteditos servizos sinalen, sendo por conta da empresa subministradora.

VI.- CORTA E PODA DE ARBOREDO

A Deputación Provincial da Coruña autorizará ás empresas asociadas ou á empresa distribuidora de electricidade as cortas e podas de arboredo das estradas que dificulte, moleste ou ameace causarlles danos ás instalacións eléctricas.

Estas operacións deberán efectuarse por conta e risco das empresas ou empresa, e en épocas adecuadas, salvo casos de notoria urxencia, e executaranse conforme ás prescricións técnicas que se sinalen na correspondente autorización.

As empresas ou empresa asumirán a obriga de indemnizar os danos e perdas causados.

VII.- VIXILANCIA DAS OBRAS

A Deputación Provincial da Coruña, a través dos seus Servizos Técnicos de Vías e Obras, inspeccionará a correcta execución das obras autorizadas, cando estas

afecten á estrada ou terreos anexos, así como a zona de servidume e demais zonas a que se refire a vixente lexislación de estradas, en canto ás cláusulas que se impoñan para salvagardar a funcionalidade e estrutura viaria, e todo isto sen prexuízo da correspondente dirección facultativa da obra a cargo da empresa subministradora, que igualmente se fará cargo da correspondente coordinación de seguridade e saúde nas obras.

A empresa subministradora estará obrigada a solicitar, en cada caso, as autorizacións pertinentes e a cumprir as condicións que se lle impoñan.

Cando a empresa subministradora orixine danos á estrada ou aos seus elementos, como consecuencia de obra, a deputación comunicarllo para que, no prazo máis breve posíbel, que se fixará en cada caso concreto, reparen os danos producidos. De non facelo no tempo e forma sinalados, a deputación executará as obras de reparación repercutindo o custo destas á empresa subministradora, e para este efecto expedirlle a correspondente liquidación.

VIII.- PUNTOS DE ILUMINACIÓN PÚBLICA

A empresa SUBMINISTRADORA, comprométese a facilitarlle á Excma. Deputación Provincial da Coruña ou aos entes públicos que lles interese (concellos, mancomunidades, entidades locais menores, etc.), a colocación de puntos de iluminación pública nos apoios obxecto deste convenio. O custo da colocación será asumido polo ente público solicitante.

IX.- DENUNCIA DO CONVENIO

O incumprimento das cláusulas do presente convenio por calquera das partes asinantes poderá dar lugar á súa denuncia.

X.- PERÍODO DE VIXENCIA

O presente convenio terá vixencia dun ano prorrogábel automaticamente salvo denuncia das partes cun prazo de antelación de 2 meses.

XI.- INTERPRETACIÓN E SEGUIMIENTO

Para a interpretación e seguimento do presente convenio constituirase unha Comisión Mixta integrada polos representantes que designe a empresa subministradora e a Deputación Provincial da Coruña. A comisión será paritaria e reunirse cando o solicite unha das partes.

Santiago de Compostela, de de dous mil catro

REUNIDOS

Dunha parte, o Excmo. Sr. D. Alberte Núñez Feijóo, Vicepresidente Primeiro e Conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda da Xunta de Galicia, facultado para a formalización deste convenio pola Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente.

Doutra parte, o Ilmo. Sr. D. Salvador Fernández Moreda, na súa condición de Presidente da Deputación da Coruña, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 34.1 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Todas as partes recoñécense mutuamente na calidade en que interveñen con capacidade legal necesaria e

EXPOÑEN

O día 20 de decembro de 2002 a Xunta de Galicia e a Deputación Provincial da Coruña asinaron un Convenio de colaboración para o financiamento e articulación da subvención do custo da peaxe no tramo A Coruña-A Barcala da autoestrada AP-9 para os residentes na provincia da Coruña. Na cláusula sexta do mencionado convenio, establécese que para anos posteriores se asinarían as correspondentes addendas entre ambas as dúas administracións onde se fixarían as anualidades e as partidas que se destinen para esta fin.

Á vista de regular a colaboración entre ambas as dúas Administracións, para a fin mencionada, formalízase a presente addenda con suxeición á seguinte

CLÁUSULA

PRIMEIRA.-

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, asumirá o 50% do custo deste sistema de subvención da peaxe no tramo A Coruña-A Barcala, para o que ten previsto consignar a cantidade de setenta e cinco mil euros (75.000,00 euros) con cargo á partida 06.03.413B.480 dos orzamentos da Consellería para o 2005. A Deputación da Coruña asumirá o 50% restante, para o que se incluírá unha cantidade igual nos orzamentos da Deputación para 2005. Ambas as dúas administracións comprométense a facer fronte exclusivamente á súa parte do financiamento, podendo incrementar a partida consignada para esta fin se fose necesario, non asumindo en ningún caso a parte de financiamento correspondente á

outra Administración. Cada Administración librará os fondos por separado, desvinculando así as obrigas que corresponde a cada unha delas do grao de execución da outra.

E en proba de conformidade asinan o presente convenio en exemplar triplicado.

O VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E
CONSELLEIRO DE POLÍTICA
TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E
VIVENDA

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
DA CORUÑA

Asdo.: Alberto Núñez Feijóo

Asdo.: Salvador Fernández Moreda

8.- APROBACIÓN DE ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E CAIXA GALICIA PARA A POSTA EN FUNCIONAMENTO DUNHA TARXETA PARA SUBVENCIONAR A PEAXE NO TREITO A CORUÑA-A BARCALA NA AUTOESTRADA AP-9.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“Aprobar a addenda ao convenio de colaboración entre a Xunta, Deputación Provincial da Coruña e Caixa Galicia para a posta en funcionamento dunha tarxeta para a subvención da peaxe no tramo A Coruña - A Barcala na autoestrada AP-9.”

ADDENDA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E VIVENDA DA XUNTA DE GALICIA, A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ENTIDADE CAIXA GALICIA PARA A POSTA EN FUNCIONAMENTO DUNHA TARXETA PARA A SUBVENCIÓN DA PEAXE NO TRAMO A CORUÑA A BARCALA DA AUTOESTRADA AP-9.

Santiago de Compostela, _____ de _____ de dous mil catro

REUNIDOS

Dunha parte o Excmo. Sr. Don Alberto Núñez Feijóo, Conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda da Xunta de Galicia, facultado para a formalización deste convenio pola Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente.

Doutra parte, o Ilmo. Sr. Don Salvador Fernández Moreda, Presidente da Deputación Provincial da Coruña, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 34.1 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Doutra parte, o Sr. D. José Luis Méndez López, Director Xeral de Caixa Galicia, segundo se acredita con poder bastante para o efecto.

Todas as partes recoñécense mutuamente na calidade en que interveñen con capacidade legal necesaria para o outorgamento deste convenio e para o efecto.

EXPOÑEN

O vinte e catro de marzo de dous mil tres asinouse un convenio de colaboración entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda da Xunta de Galicia, a Deputación Provincial da Coruña e a entidade Caixa Galicia para a posta en funcionamento dunha tarxeta para a subvención da peaxe no tramo A Coruña-A Barcala da autoestrada AP-9, como consecuencia do Decreto 419/2001.

O 20 de novembro de 2002 publicouse un decreto sobre axudas aos usuarios da AP-9, entre Vigo e O Morrazo residentes na provincia de Pontevedra e entre A Coruña e A Barcala residentes na provincia da Coruña. De acordo co citado Decreto a xestión das axudas previstas realizarase a través dunha entidade colaboradora.

En abril de 2003 púxose en marcha un dispositivo electrónico para a peaxe dinámica (OBE) para o control do pagamento da peaxe, supondo unha mellora considerábel para a comodidade do usuario e na xestión pola empresa concesionaria.

O 28 de novembro de 2003 publicouse un novo decreto co obxecto de mellorar e simplificar a xestión. De acordo co citado decreto a xestión das axudas previstas realizarase a través dunha entidade colaboradora.

En consecuencia, todas as partes asinantes conveñen en colaborar para o efecto levando a cabo a presente addenda ao convenio de colaboración.

CLÁUSULA PRIMEIRA

Caixa Galicia comprométese a xestionar o bono-peaxe, ademais de mediante a tarxeta de débito, a través do dispositivo electrónico para a peaxe dinámica (OBE) posto en marcha por Audasa en abril de 2003.

Así mesmo recibida da consellería a información favorábel sobre a procedencia de outorgar o OBE, Caixa Galicia incluírá o dispositivo de peaxe dinámica como sistema de contabilización do bono-peaxe.

Os prazos para a inclusión do OBE como sistema de contabilización do bono-peaxe determinaranse entre a Xunta de Galicia e Caixa Galicia en función da mellor operatividade entre ambas as dúas partes para transmitir os datos e dunha sinxela información para o seu uso ao particular.

CLÁUSULA SEGUNDA

As referencias ao Decreto 307/2002 recollidas no texto do convenio, serano agora ao Decreto 416/2003.

Así o outorgan no lugar e data do encabezamento, subscribindo a presente addenda en exemplar cuadruplicado.

O CONSELLEIRO DE POLÍTICA
TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS
E VIVENDA

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA CORUÑA

Alberto Núñez Feijóo

Salvador Fernández Moreda

O DIRECTOR XERAL DA
ENTIDADE CAIXA GALICIA

José Luis Méndez López

9.- APROBACIÓN ANTICIPADA DA 1ª FASE DO PLAN DE VÍAS PROVINCIAIS 2005.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“1) Aprobar o Plan de vías provinciais 2005 1ª fase, integrado polos proxectos que seguidamente se relacionan, e tomar en consideración os proxectos incluídos nel, cun orzamento total de 6.091.356,85.- euros, con cargo á partida 0401/511B/60103.

De conformidade co disposto no art. 69.4 do TRLCAP, a iniciación do expediente de contratación quedará suxeita á condición suspensiva da existencia de crédito adecuado

e suficiente para financiar as obrigas derivadas do contrato no exercicio correspondente.

CÓDIGO	CONCELLO	DENOMINACIÓN	ORZAMENTO
0511100001.0	ABEGONDO	AMPLIACIÓN E MELLORA DE TRAZADO DA E.P. 0106 DE AMEAS A OZA DOS RÍOS DO PK 4,00 AO 8,60	992.530,12
0511100003.0	BOIMORTO E MESÍA	AMPLIACION E MELLORA DO TRAZADO DA E.P. 1004 DO PK 0,00 A PK 6,00 DE LANZA A BOIMORTO	712.579,09
0511100004.0	CAMBRE	AMPLIACIÓN E MELLORA DE TRAZADO DA E.P. 1703 DO ESPÍRITO SANTO A FRAÍIS DO PK 1,440 AO PK 2,440	302.691,79
0511100005.0	A LARACHA	AMPLIACIÓN DA PLATAFORMA E MELLORA DO TRAZADO DA E.P. 2404 A LARACHA Á SILVA POR GOLMAR PK 0,000 A PK 5,900	676.315,41
0511100006.0	SANTA COMBA	MELLORA DE TRAZADO DA E.P. 2904 CORISTANCO A SANTA COMBA PK 8,825 AO PK 17,600	248.931,52
0511100007.0	OZA DOS RÍOS	AMPLIACIÓN E MELLORA DO TRAZADO DA E.P. 3203 DE BURRICIOS A PENAMARTIN DO PK 6,375 AO PK 12,750	711.717,10
0511100008.0	FERROL	AMPLIACION E MELLORA DO TRAZADO DA E.P. 3606 DE COBAS A SAN XORXE	700.577,52
0511100009.0	NARÓN	ENSANCHE E MODIFICADO DA E.P. 5401 NARON AO VAL POR CASTRO (TRAVESIA DE XUBIA Á ESTRADA DE VALDOVIÑO) DO PK 0,000 AO PK 2,480	641.420,31
0511100010.0	SAN SADURNIÑO	AMPLIACION E MELLORA DA E.P. 7603 FEIRA DE SAN SADURNIÑO AO COVAL DO PK 0,00 AO PK 5,00	1.015.128,04
0511100011.0	SOBRADO	AMPLIACIÓN E MELLORA DO TRAZADO DA E.P. 8001 DE CRUCES A PENABRANCA DO PK 0,000 AO PK 0,240	89.465,95

2) Expor ao público os proxectos mediante anuncio que se publicará no Boletín Oficial da Provincia polo prazo de dez días para os efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se produzan, consideraranse definitivamente aprobados.”

10.- APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA AMPLIACIÓN E MELLORA DO TRAZADO NO TREITO P.K. 9,600 A P.K. 13,100 DA E.P. 1105 DE NOIA A CABO DE CRUZ-BOIRO.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“1.- Aprobar o proxecto REFORMADO DE AMPLIACIÓN E MELLORA DO TRAZADO TRAMO PK. 9,600 AO PK. 13,100 DA E.P. 1105 DE NOIA A CABO DE CRUZ, BOIRO (código 02.1110.0002.1), polo seu orzamento de contrata de 531.788,80 euros, que representan un incremento respecto ao primitivo de 88.275,45 euros, con cargo á partida 0401/511B/601.03

2.- Solicitar á Xunta de Galicia a declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación a que dea lugar a realización das obra, de conformidade co art. 52 da Lei de expropiación forzosa e Orde do 7 de decembro de 1983 da Consellaría da Presidencia, e con base nos informes que constan no expediente, tendo en conta que existen razóns de urxencia que fan necesaria a execución das citadas obras, tal como a existencia de curvas perigosas con pequeno radio con edificacións e vivendas pegadas á estrada que fan necesaria a execución da variante, o estado do firme da estrada, o ancho da calzada de dimensións inferiores ás necesidades dos vehículos, a intensidade media do tráfico etc., co fin de evitar o altísimo risco de accidentes con perigo para a vida humana.

Non obstante con carácter previo deberá intentarse o mutuo acordo cos afectados.

3.- Expor ao público o referido proxecto polo prazo de 10 días para os efectos de reclamacións.

4.- Someter a información pública o referido expediente de expropiación, mediante a publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia cun prazo de quince días para as reclamacións.

5.- Condicionar o presente acordo a que se adopte a efectiva dispoñibilidade do crédito orzamentario necesario.”

11.- APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA AMPLIACIÓN E MELLORA DO TRAZADO NO TREITO P.K. 13,100 A P.K. 16,500 DA E.P. 1105 DE NOIA A CABO DE CRUZ-BOIRO.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“1.- Aprobar o proxecto REFORMADO DE AMPLIACIÓN E MELLORA DO TRAZADO TRAMO PK. 13,100 AO PK. 16,500 DA E.P. 1105 DE NOIA A CABO DE CRUZ, BOIRO (código 02.1110.0003.1) polo seu orzamento de contrata de 426.490,34 euros, que representan un incremento respecto ao primitivo de 70.915,25 euros, con cargo á partida 0401/511B/601.03

2.- Formalizar en documento administrativo co adxudicatario do contrato primitivo, PONCIANO NIETO GONZÁLEZ con NIF 5556203R, as modificacións do contrato, que aplicando a baixa de adxudicación supón un novo orzamento de adxudicación de 349.252,94 euros, o cal representa un incremento respecto ao inicial de 58.072,50 euros.

3.- Modificar a contía da garantía definitiva, incrementada na cantidade de 2.322,90 euros, que deberá ingresar o contratista na Caixa da Corporación dentro do prazo máximo de 15 días unha vez aprobada a modificación do contrato, quedando polo tanto fixada a garantía co citado incremento na cantidade de 13.970,12 euros. “

12.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE MUTACIÓN DEMANIAL SUBXECTIVA QUE OCASIONA A TRANSFERENCIA DE TITULARIDADE DA E.P. 0601 DE ARZÚA A PONTE DE SAN XUSTO POR DOMBODÁN Á

XUNTA DE GALICIA, PARA QUE FORME PARTE DA REDE DE ESTRADAS DE TITULARIDADE AUTONÓMICA.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“Aprobar o expediente de mutación demanial subxectiva que comporta a transferencia da titularidade da E.P. 0601 de Arzúa á Ponte de San Xusto por Dombodán á Xunta de Galicia para que forme parte da rede de estradas de titularidade autonómica.”

13.- APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA “BEIRARRÚAS EN PIOSA” DO CONCELLO DE CAMARIÑAS, INCLUÍDA NO POS 2004. CÓDIGO 04.2100.0066.0.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“Visto o proxecto reformado con incremento e demais documentación presentada polo Concello de Camariñas relativa á obra "Beirarrúas na Piosa" do Concello de Camariñas, incluída no POS 2004 co código: 04.2100.0066.0.

1º.- Aprobar o proxecto reformado da obra "Beirarrúas na Piosa" do Concello de Camariñas, incluída no POS 2004 co código: 04.2100.0066.0. O proxecto reformado implica un incremento no seu orzamento tal e como se indica, que é financiado integramente polo concello, permanecendo invariábeis as achegas da Deputación e do Estado.

04.2100.0066.0		Beirarrúas na Piosa	
	Proxecto inicial	Proxecto reformado	Diferenza
Deputación f.p.	18.918,88	18.918,88	0
Deputación préstamo	16.012,59	16.012,59	0
Estado	5.667,18	5.667,18	0
Concello	72.744,87	95.411,48	22.666,61
TOTAL	113.343,52	136.010,13	22.666,61

2º Dispoñer a exposición pública mediante a publicación dun anuncio no BOP para os efectos de que durante o prazo de 10 días se poidan presentar as alegacións ou reclamacións que se consideren oportunas.

3º Remitir o expediente a informe do subdelegado do goberno en Galicia para os efectos dispostos no art. 29.2.) da Lei 6/1997 do 14 de abril de organización e funcionamento da administración xeral do Estado.

4º Remitir o expediente a informe da Comisión Provincial de Colaboración do Estado coas Corporacións Locais.

5º Remitir o expediente á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación prevista na Lei de administración local de Galicia.

6º Unha vez transcorrido o indicado prazo de 10 días de exposición pública e remisión a informe, sen que se presentasen reclamacións ou alegacións, poderanse proseguir as actuacións.”

14.- APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA “REPOSICIÓN DE SERVICIOS R/ CELSO EMILIO FERREIRO” DO CONCELLO DE MUGARDOS, INCLUÍDA NO POS 2004. CÓDIGO 04.2100.0193.0.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“Aprobar o proxecto reformado da obra "**Reposición de servizos R/Celso Emilio Ferreiro**" do Concello de Mugardos incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal e da rede viaria local 2004 (Código: 04.2100.0193.0) cun orzamento de contrata de 38.600,86€ que non representa unha variación no seu presuposto total, nin varía a finalidade da obra pero representa cambios internos que afectan a máis do 30% do seu presuposto de execución material.”

<u>Código</u>	<u>Concello</u>	<u>Denominación</u>	<u>Deputación F. propios</u>	<u>Deputación Préstamo</u>	<u>Estado</u>	<u>Concello</u>	<u>Orzamento Total</u>
04.2100.0193.0	Mugardos	Reposición de servizos R/Celso Emilio Ferreiro	15.233,05	12.892,96	5.628,01	4.846,84	38.600,86

15.- APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA “ABASTECIMIENTO DE AUGA A MESÍA PL.” DO CONCELLO DE MESÍA, INCLUÍDA NO PROGRAMA OPERATIVO LOCAL ADICIONAL 1/2003 E POL 2004. CÓDIGO 03.2301.0114.0.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“Aprobar o proxecto reformado da obra "Abastecemento de auga a Mesía, PI", do Concello de Mesía, incluída con carácter plurianual no Programa operativo local adicional 1/2003 e 2004 (Código: 03.2301.0114.0) cun presuposto de contrata de 450.434,64 € , que non representa unha variación no seu presuposto total, nin implica unha alteración substancial do contido do proxecto, nin varía a finalidade ou o obxecto da obra pero si representa cambios internos que superan a porcentaxe do 30% do presuposto de execución material.”

Código	Concello	Denominación	Orzamento
03.2301.0114.0	Mesía	Abastecemento de auga a Mesía, PI	189.984,76
04.2300.0114.0	Mesía	Abastecemento de auga a Mesía, 2A	260.449,88
		TOTAL	450.434,64

16.- APROBACIÓN DE CONVENIO CO CONCELLO DE ARZÚA PARA A CESIÓN DE USO DUN LOCAL Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA CON DESTINO Á OFICINA DO SERVIZO PROVINCIAL DE RECADACIÓN.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“Aprobar a formalización dun convenio entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Arzúa para a cesión de uso gratuíto dun local co fin de situar a oficina auxiliar da Zona 01 do Servizo Provincial de Recadación.”

CONVENIO PARA A CESIÓN DE USO DUN LOCAL NO CONCELLO DE ARZÚA PARA SITUAR A OFICINA AUXILIAR DA ZONA 03 DO SERVIZO PROVINCIAL DE RECADACIÓN

A Coruña, de de 2005.

REUNIDOS

Dunha parte D. SALVADOR FERNÁNDEZ MOREDA, Presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña, asistido polo secretario D. JOSÉ LUIS ALMAU SUPERVÍA.

Doutra D. XAQUÍN GARCÍA COUSO, Alcalde-Presidente do Concello de Arzúa.

Actuando ambos os dous no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que desempeñan e recoñecéndose reciprocamente con capacidade para se obrigar nos termos deste documento.

MANIFESTAN

1) A Deputación Provincial da Coruña precisa dispor dun local para situar a oficina auxiliar da Zona 03 do Servizo Provincial de Recadación.

2) O Concello de Arzúa dispón dun local situado na planta primeira do edificio destinado a recinto feiral e multiusos, situado na rúa Padre Pardo, que reúne as condicións adecuadas para situar nel a citada oficina.

3) O Concello de Arzúa recoñecendo o encomiábel labor que está a desenvolver a Deputación Provincial da Coruña co Servizo Provincial de Recadación que presta servizo aos concellos, pon a disposición da institución provincial o citado local, de acordo ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- SITUACIÓN

O Concello de Arzúa cédelle en uso e con carácter gratuíto á Deputación Provincial da Coruña un local situado na planta primeira do edificio destinado a recinto feiral e multiusos, situado na rúa Padre Pardo, e que se detalla no plano que se acompaña como anexo ao presente documento.

II.- DESTINO

A deputación destinará o local a oficina auxiliar da Zona 03 do Servizo Provincial de Recadación.

III.- OBRAS E INSTALACIÓNS

O Concello de Arzúa autoriza á deputación a realizar todas as obras que estime necesarias para adaptar, reformar, conservar e manter o local cedido e das súas instalacións cuxos gastos lle aboará a Deputación Provincial da Coruña, despois da correspondente tramitación administrativa de acordo á normativa reguladora da contratación administrativa e do gasto público.

A deputación contratará unha póliza de subministración de enerxía eléctrica para o local e asumirá os gastos de consumo de enerxía referidos a el. Así mesmo aboará os gastos de instalación e utilización de teléfonos e demais sistemas de telecomunicación que se sitúen no local cedido.

Serán por conta do Concello de Arzúa os gastos de consumo de auga do referido local así como se é o caso o pagamento de calquera clase de tributo que se refira ao citado local.

A deputación poderá instalar así mesmo na fachada do inmóbel os correspondentes rótulos indicativos do Servizo Provincial de Recadación.

IV.- DURACIÓN

O Concello de Arzúa cede o uso do local por un prazo mínimo de 20 anos. Transcorrido o dito prazo o uso do local continuará cedido á deputación en tanto o concello non precise dispor del, en cuxo caso o porán en coñecemento da institución provincial para que no prazo máximo de 6 meses a deputación proceda ao desaloxo do local, quedando condicionada esta ao mantemento do Servizo de Recadación para o que se solicita.

V.- DESALOXO

O Concello de Arzúa poderá recuperar o uso do local cedido, para o suposto de que por razón da organización administrativa del se precisase dispor de dito local; en cuxo caso se lle cedería á Deputación provincial o uso doutro local dos previstos nos edificios municipais, que resultase adecuado para a mesma finalidade recadadora. Neste caso porano en coñecemento da deputación co mesmo prazo de antelación indicado na cláusula anterior.

Así o din, outorgan e asinan, en presenza do fedatario actuante, no lugar e data expresados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL
DA CORUÑA

O ALCALDE-PRESIDENTE DO
CONCELLO DE ARZÚA

ASDO.: SALVADOR FERNÁNDEZ MOREDA

ASDO.: XAQUÍN GARCÍA COUSO

O SECRETARIO

ASDO.: JOSÉ LUIS ALMAU SUPERVÍA

17.- APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO IGREXA DE SANTIAGO DE BETANZOS. ARQUITECTURA POPULAR.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“1.- Aprobar a modificación do contrato dos servizos de restauración consistente no acondicionamento xeral e restauración de elementos ornamentais da Igrexa de Santiago de Betanzos, cun orzamento de contrata de 31.011,83 euros, que non supón variación económica con respecto ao inicial.

2.- Formalizar en documento administrativo co adxudicatario do contrato inicial, DANIEL SUÁREZ POUSA, as modificacións do contrato que supón un prezo de adxudicación de 30.000 euros, detallándose nas seguintes anualidades:

Código 99.4100.0272.0 15.505,92 euros

Código 00.4100.0272.0 14.494,08 euros”

18.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN DE VOLUNTARIOS PARA AYUDA A NECESITADOS (AVAN) PARA ADQUIRIR UNHA AMBULANCIA

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“Aprobar o convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a *Asociación de Voluntarios para Ayuda a necesitados* (AVAN) para a adquisición dunha ambulancia, cunha achega de 36.000 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 02.02/412.E/629.99”

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A *ASOCIACIÓN DE VOLUNTARIOS PARA AYUDA A NECESITADOS* (AVAN) PARA ADQUIRIR UNHA AMBULANCIA.

A Coruña, de de 2004.

REUNIDOS

Dunha parte o Ilmo. Sr. D. Salvador Fernández Moreda, Presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña, asistido polo secretario xeral da deputación, D.José Luis Almu Supervía, que dá fe do acto, e,

Doutra parte, D. Presidente da *ASOCIACIÓN DE VOLUNTARIOS PARA AYUDA A NECESITADOS (AVAN)*

Ambas as dúas partes recoñécense mutuamente a competencia e capacidade necesarias para asinar o presente convenio, e para o efecto

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- AVAN ten entre as súas fins a axuda a toda persoa necesitada, comprende con iso, entre outros, a colaboración desinteresada en calquera tipo de emerxencia en que sexa requirida a nosa colaboración; acompañamento e axuda dentro dos nosos coñecementos e posibilidades a persoas impedidas, diminuídas, etc.

A colaboración con outras institucións, sempre dentro dos nosos coñecementos e posibilidades, tras a solicitude previa de colaboración en espectáculos de masas, ou públicos.

Impartir os nosos coñecementos a través de charlas, conferencias, etc. a toda aquela persoa ou grupo de persoas que así nolo soliciten.

Poder promover dentro das súas posibilidades e límites manifestacións de tipo cultural e fomentar o nacemento de vocacións entre os seus asociados.

Todas aquelas fins lícitas que poidan redundar no beneficio da asociación e dos seus asociados, tendo presente o carácter desta asociación que é sen ánimo de lucro.

SEGUNDO.-A deputación reconece o importante labor que realiza AVAN nas súas actuacións e especialmente co servizo de ambulancias que destina a servizos sanitarios e de atención a incapacitados cos concellos da provincia polo que se considera adecuado formalizar un convenio de colaboración de acordo ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- A deputación adquirirá de acordo aos trámites establecidos na normativa reguladora da contratación das corporacións locais, unha ambulancia con destino a AVAN.

SEGUNDA.- O importe máximo para dita adquisición non excederá de (aproximadamente uns 36.000 euros por ambulancia) que serán achegados na súa totalidade pola Excm. Deputación Provincial da Coruña.

Esta achega supón unha porcentaxe de financiamento do 100% do total dos gastos; facendo constar que non haberá achegas doutras entidades públicas ou privadas en relación co obxecto deste convenio.

TERCEIRA.- A deputación cederalle gratuitamente a citada ambulancia á entidade AVAN.

CUARTA.- Na dita ambulancia figurará rotulada a palabra “Ambulancia”, lateralmente “Doadada pola Deputación Provincial da Coruña” durante toda a vida útil do vehículo.

QUINTA.-AVAN correrá cos gastos de uso, mantemento, reparacións e seguros.

SEXTA.- A ambulancia destinarase exclusivamente a fins propios da entidade AVAN. En caso contrario reverteralle automaticamente á deputación.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria celebrada o día

Así o din, asinan e outorgan en exemplar cuadriplicado no lugar e data fixados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA CORUÑA

O PRESIDENTE DA ASOCIACIÓN AVAN

Asdo.- Salvador Fernández Moreda

Asdo.-

19.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E A FUNDACIÓN SECRETARIADO XERAL XITANO PARA O DESENVOLVEMENTO NO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA DO PROGRAMA DE ACCESO AO EMPREGO “ACCEDER”.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“Aprobar o convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Fundación Secretariado Xeral Xitano para o desenvolvemento no Concello de Santiago de Compostela do Programa de acceso ao emprego “ACCEDER” cun orzamento de 45.000 euros que se financiará segundo o seguinte detalle:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	EXERCICIO ORZAMENTARIO	ACHEGA PROVINCIAL
0104/322.C/489.99	2.004	15.000 euros
0104/322.C/489.99	2.005	15.000 euros
0104/322.C/489.99	2.006	15.000 euros
Total achega provincial		45.000 euros

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E FUNDACIÓN SECRETARIADO XERAL XITANO PARA O DESENVOLVEMENTO NO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA DO PROGRAMA DE ACCESO AO EMPREGO “ACCEDER”

REUNIDOS

Dunha parte D. Salvador Fernández Moreda, que intervén neste acto en nome e representación da Excm. Deputación Provincial da Coruña, actuando como presidente e conforme ás competencias que ten atribuídas.

Doutra, D. Pedro Ponte Fernández, que intervén neste acto en nome e representación da Fundación Secretariado Xeral Xitano, cuxo domicilio social se acha na rúa Antolina Merino nº 10 de Madrid, entidade privada de natureza fundacional, sen ánimo de lucro, constituída en 2001 ao abeiro da lexislación española, actuando como presidente e conforme ás competencias que ten atribuídas de acordo co artigo 18 dos seus estatutos.

Ambos os dous comparecentes recoñécense mutuamente capacidade, lexitimación e representación suficientes para formalizar o presente convenio de colaboración.

EXPOÑEN

Primeiro:

A Deputación da Coruña, en adiante Deputación, é unha entidade pública local de ámbito provincial que ten entre as súas fins propias e específicas garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, sendo competencias propias, entre outras, as de cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e, en xeral, o fomento e administración dos intereses peculiares da provincia.

A Fundación Secretariado Xeral Xitano é unha fundación privada sen fins de lucro de carácter benéfico, constituída para a promoción integral da comunidade xitana dende o recoñecemento e apoio á súa identidade cultural, traballando para a promoción e incorporación plena dos xitanos e xitanas na sociedade española.

Segundo:

A comunidade xitana participa tradicionalmente de actividades profesionais e empresariais que están actualmente en recesión ou esixen unha forte reconversión nos modos de exercer, pois sitúanse dentro das economías informais ou resultan pouco viábeis para as próximas xeracións. Esta situación ocasiona que unha parte importante dos seus membros se encontre aínda en situación de exclusión e risco social. Así mesmo, son moi poucas as persoas xitanas que acceden á oferta de formación profesional normalizada debido, en gran medida, á falta de adaptación desta formación á súa situación, características e necesidades.

Terceiro:

As actuacións dirixidas á poboación xitana a través do Programa operativo plurirrexional loita contra a discriminación do Fondo social europeo, son xestionadas directamente pola Fundación Secretariado Xeral Xitano a través dun programa especialmente deseñado para este colectivo: o Programa de acceso ao emprego “Acceder”, que dentro do territorio provincial se desenvolve na bisbarra de Santiago.

Cuarto:

Sendo finalidade común a ambas as dúas entidades procurar unha mellor calidade de vida para o colectivo pertencente á comunidade xitana, necesitado dunha atención especial e urxente en políticas de formación e emprego para cumprir o mandato constitucional do dereito ao traballo en igualdade de condicións para todos os cidadáns.

Por iso ambas as dúas entidades acordan a celebración dun convenio de colaboración suxeito ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA: OBXECTO DO CONVENIO

Desenvolvemento das accións do Programa de acceso ao emprego “Acceder”, integrado no Programa operativo plurirrexional “Loita contra a discriminación” do Fondo social europeo no concello de Santiago de Compostela.

SEGUNDA: CONTIDO DA COLABORACIÓN

A Deputación da Coruña comprométese a apoiar economicamente a execución do Proxecto acceder, coa achega de 45.000€, correspondendo 15.000€ por cada unha das anualidades incluídas no período 2004/2006 no que se desenvolve o proxecto. A achega provincial representa o 13,88% do custo da actividade que se ha financiar.

A Fundación Secretariado Xeral Xitano comprométese a realizar as actuacións necesarias para que o Proxecto Acceder desenvolva as súas accións no Concello de Santiago de Compostela atendendo á formación e integración social da comunidade xitana da bisbarra de Santiago.

O orzamento estimado da actividade que se ha financiar para o período 2004/2006 é o seguinte:

	<u>Anual</u>	<u>2004/06</u>
Persoal	66.600€	199.800€
Traballo de 1 orientador laboral, 1 mediador e 1 prospector		
Gastos de mantemento	32.500€	97.500€
Local, provisións menores, gastos xerais		
Accións finalistas	9.000€	27.000€
Actuacións de formación		
TOTAL	108.100€	324.300€
ACHEGA PROVINCIAL	15.000€	45.000€

No marco do desenvolvemento do Programa Acceder, a Fundación Secretariado Xeral Xitano comprométese a realizar as seguintes actuacións:

1. Accións Acceder: Itinerarios integrados de inserción laboral.
2. Accións de orientación: Accións de acollida e información.
3. Accións de orientación e seguimento.
4. Accións emprego:
 - Accións de prospección e busca de emprego.
 - Accións de apoio á contratación.
 - Accións de acompañamento ao mercado de traballo.
 - Accións de creación de iniciativas empresariais de carácter social, potenciando fórmulas específicas de intermediación sociolaboral, en particular empresas de inserción.
5. Accións de prospección do mercado de traballo.
6. Accións de busca activa de emprego.
 7. Accións senda: Impulso das políticas sociais e fomento dos servizos de proximidade.
 - Fomento dos servizos de proximidade e dos empregos ligados a estes.
 - Formación e sensibilización para profesionais da intervención social e organización de foros de reflexión e debate.
 - Accións que contribúan a debilitar estereotipos e a mellorar a imaxe social da comunidade xitana.
 - Asesoramento a administracións e organizacións sociais no deseño de proxectos e medidas.
 - Desenvolvemento de estudos e investigacións para aumentar o coñecemento da comunidade xitana española.
8. Formación e sensibilización: seminarios e xornadas.
9. Estudos e investigacións.

As achegas anuais da Deputación materializaranse mediante as seguintes transferencias bancarias á conta designada pola entidade:

1º. pago (50% do importe anualmente previsto) tras a realización previa e xustificación do 50% das actividades anuais.

2º. pago (50% restante do importe anualmente previsto) tras a realización previa e xustificación do 100% das actividades anuais.

A Fundación Secretariado Xeral Xitano comprométese a remitir como documentación xustificativa de desenvolvemento da actividade:

- Informe do director territorial da entidade en Galicia, no que se detallen as actuacións realizadas, identifiquense as persoas beneficiadas pola axuda e os gastos realizados.
- Facturas, recibos e outras pezas xustificativas de gastos realizados na execución do programa.
- Sinalar conta de titularidade da asociación para efectuar os pagamentos.
- Para o cobro requirirase ademais a presentación de declaración da Presidencia da asociación, de ter cumprida a finalidade da subvención mediante a realización do investimento para o que foi concedido, e de ter cumprido coa obriga de adxudicación nas condicións expresadas no art.31.3 da Lei xeral de subvencións.
- Relación detallada de subvencións ou axudas obtidas para o mesmo obxecto ou a declaración se é o caso de non ter outras axudas públicas ou privadas para este.
- A entidade deberá estar ao corrente das súas obrigas fiscais coa deputación, o que lle acreditará de oficio a propia deputación a través do Servizo de Recadación.

As transferencias bancarias correspondentes materializaranse tras os informes previos do Servizo de Planificación , Patrimonio e Contratación e da Intervención de Fondos Provinciais.

No suposto de que non se xustifique a totalidade do gasto previsto, minorarase a achega da deputación con mantemento da porcentaxe de financiamento correspondente (13,88%) respecto á cantidade xustificada. No caso de que os gastos xustificados fosen superiores, a achega da Deputación non superará a cantidade indicada na cláusula segunda

Se, para realizar o obxecto do presente convenio a asociación obtivese subvencións doutras entidades públicas ou privadas que en concorrencia coa concedida superara o total do custo da actividade, minorarase a achega da Deputación Provincial da Coruña.

No caso de superar o custo da actividade subvencionada a entidade procederá ao reintegro do exceso obtido sobre o custo da actividade subvencionada, así como a esixencia dos xuros de mora correspondentes, de conformidade co disposto no artigo 37.3 da Lei xeral de subvencións.

As achegas das anualidades de 2005 e 2006, quedan supeditadas á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio económico correspondente.

No suposto en que as actividades non as realice a propia Fundación, esta comprométese, de conformidade co disposto no artº 31.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, con carácter previo á realización da actividade, que se ha solicitar, polo menos, un mínimo de tres ofertas de diferentes entidades, escollendo de entre as recibidas a que resulte máis adecuada conforme a criterios de eficiencia e economía, e

debedo xustificarse a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

A Fundación Secretariado Xeral Xitano comprométese a comunicarlles a todos os seus socios o financiamento do funcionamento da Casa de acollida con cargo aos orzamentos da Deputación da Coruña.

A Fundación Secretariado Xeral Xitano comprométese a pór en coñecemento da Deputación aquelas axudas que lle sexan concedidas para a mesma finalidade. A achega provincial reducirase na medida en que a axuda percibida minore o custo da asistencia financiada.

TERCEIRA: DIRECCIÓN TÉCNICA DO CONVENIO.

A dirección técnica do presente convenio corresponderalle ao Servizo de Planificación e Control.

CUARTA: VIXENCIA DO CONVENIO.

O presente convenio estará en vigor durante o período de execución do Programa Acceder, inicialmente que se ha desenvolver nas anualidades 2004, 2005 e 2006. No suposto de concesión de prórroga para a execución do programa, a achega provincial non sufrirá ningún incremento.

QUINTA: INTERPRETACIÓN.

As lagoas ou diverxencias que puidesen apreciarse na aplicación do presente convenio integraranse, interpretarán e resolverán motivándoas a Deputación da Coruña, de acordo co disposto no presente convenio e a normativa española aplicábel, principalmente na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Non obstante o indicado no parágrafo anterior, calquera das partes poderá iniciar as accións xurisdicionais que estimase oportunas, declarándose neste mesmo convenio sometidas ambas as dúas ao foro xurisdiccional dos órganos da Administración de Xustiza que fosen competentes no ámbito da Coruña.

En todo o non establecido no texto do presente convenio estarase ao disposto na Lei xeral de subvencións e en especial a obriga de estar ao corrente das obrigas tributarias e de Seguridade Social, de conformidade co establecido no artigo 14.e) para a concesión e o artigo 34.5 para o recoñecemento da obriga de pagamento da cita Lei xeral de subvencións.

SEXTA: INCUMPRIMENTO

O incumprimento de calquera das estipulacións do presente convenio constituirá causa suficiente da súa resolución.

A Fundación Secretariado Xeral Xitano deberá reintegrar ao erario provincial aquelas cantidades que, de acordo co procedemento legalmente establecido, determinase que foron indebidamente percibidas. A aplicación dos xuros de mora correspondentes non

procederá cando a percepción indebida obedecese a causa non imputábel á entidade beneficiaria.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario con data do

E en proba de conformidade asinan este convenio en exemplar cuadruplicado no lugar e data expresados no encabezamento

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA CORUÑA

O PRESIDENTE DA FUNDACIÓN
SECRETARIADO XERAL XITANO

Asdo.- Salvador Fernández Moreda

Asdo. Pedro Ponte Fernández

O SECRETARIO XERAL

Asdo.- José Luis Almu Supervía

20.- APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA “ROTONDA NA INTERSECCIÓN DAS ESTRADAS AC-190 E AC-180 NO CARBALLO” DO CONCELLO DE OLEIROS, INCLUÍDA NO PLAN XXI DE INFRAESTRUTURAS LOCAIS DE TRANSPORTE E DE TRAVESÍAS MUNICIPAIS 2003. CÓDIGO 03.3800.0083.0.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“Aprobar o proxecto reformado da obra denominada **“Rotonda na intersección das estradas AC-190 e AC-180 no Carballo”** (código 03.3800.0083.0) do **Concello de Oleiros**, con contratación correspondente ao concello, que foi incluída no Plan XXI de infraestruturas locais de transporte e de travesías municipais 2003, aprobada polo Pleno da deputación en sesión celebrada o 25 de abril de 2003, dado que introduce modificacións importantes respecto do previsto no proxecto técnico inicial, pero sen alterar o orzamento da obra nin o orzamento do plan no seu conxunto.”

21.- APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA CONTIDA NO PLAN 2000 DE RECUPERACIÓN DE ARQUITECTURA POPULAR “REPARACIÓNS XERAIS NA IGREXA DE AUGAS SANTAS”, CONCELLO DE TRAZO. CÓDIGO 02.4100.0551.0.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“1.- Aprobar o proxecto técnico modificado da obra “Reparacións xerais da Igrexa de Augas Santas 1ª fase (Trazo)”, código 02.4100.0551.0 PAP, presupostada na cantidade de 27.039,53 euros.

O proxecto técnico modificado apróbase ante a necesidade de reaxustar o orzamento para adecualo ás necesidades de desenvolvemento da obra.

O orzamento da obra, que ascende a 27.039,53 euros, será financiado integramente pola deputación con cargo á partida 0305/469.A/762.31 do orzamento da Corporación.

Remitir o expediente a informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos establecidos nos art. 187 e seguintes da Lei 5/97 do 22 de xullo de 1997, de administración local de Galicia.”

22.- APROBACIÓN DO PLAN DE PROTECCIÓN DO PATRIMONIO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL (DOLMEN DE DOMBATE) 2004-2005 1ª FASE E SOLICITUDE Á XUNTA DE GALICIA DA DECLARACIÓN DE URXENTE OCUPACIÓN DOS BENS E DEREITOS AFECTADOS POLA EXECUCIÓN DE OBRAS.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“- Aprobar o PLAN DE PROTECCIÓN DO PATRIMONIO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL (DOLMEN DE DOMBATE) 2004-2005 1ª FASE e tomar en consideración os proxectos incluídos nel:

A)

PROXECTO	EXERCICIO	PARTIDA ORZAMENTARIA	IMPORTE
CAMBIO DE TRAZADO DA E.P. 1404 E MELLORA DE TRAZADO E AMPLIACIÓN DE PLATAFORMA DA ESTRADA 14-001 (DOMBATE FONTEFRÍA) NA ZONA DE PROTECCIÓN DO P.E.P. DO DOLMEN DE DOMBATE E O SEU CONTORNO. CÓDIGO 05.4400.0001.0	2005 (CARÁCTER ANTICIPADO DE GASTO)	0402/454.C/608.00 (NIVEL DE VINCULACIÓN XURÍDICA)	519.663,15
PROXECTO DE TRATAMENTO DE ESPAZOS INTERMEDIO E EXTERIOR DENTRO DA ZONA DO P.E.P. DO DOLMEN DE DOMBATE. CÓDIGO 05.4400.0002.0	2005 (CARÁCTER ANTICIPADO DE GASTO)	0402/454.C/608.00 (NIVEL DE VINCULACIÓN XURÍDICA)	566.859,88
TOTAIS			1.086.523,03

B)

EXPROPIACIÓN (Custo calculado)	EXERCICIO	ORZAMENTARIA	IMPORTE
	2.004	0402/454C/600.01	75.912,02
TOTAIS			75.912,02

TOTAL A + B: 1.162.435,05 euros

- Expor os proxectos ao público mediante anuncio que se vai publicar no Boletín Oficial da Provincia no prazo de 10 días para os efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se produzan, consideraranse definitivamente aprobados.

- Solicitalle á Xunta de Galicia a declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación a que dea lugar a realización das obras, de conformidade co artigo 52 da Lei de expropiación forzosa, Orde do 7 de decembro de 1983 da Consellaría da Presidencia, e con base nos informes que constan no expediente, tendo en conta que existen razóns de urxencia que fan necesaria a execución das citadas obras xa que a proximidade da estrada actual ao Dolmen prexudica este monumento megalítico (especialmente polas vibracións, gases, fumes etc., producidos polos vehículos) e ademais a situación actual de desprotección do Dolmen debido ao mal estado da cuberta provisional que provoca gravísimos riscos de deterioro nas pinturas e o túmulo, así como problemas de intrusión no recinto actual, o que xustifica a inmediata actuación e a utilización do procedemento de urxencia.

- Someter a información pública o referido expediente de expropiación mediante a publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, cun prazo de quince días para reclamacións, entendéndose definitivamente aprobado se estas non se producen.

- Remitirlle o expediente a informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellaría de Cultura, Comunicación Social e Turismo da Xunta de Galicia e ao Concello de Cabana de Bergantiños.

Todo isto suxeito á condición suspensiva de existencia de crédito adecuado e suficiente para financiar as obrigas dos contratos no exercicio 2005, polo que respecta aos proxectos de execución das obras.”

23.- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA Nº 18.663 POLA QUE SE MODIFICA O PROXECTO DE URBANIZACIÓN DE ACCESO A VIVENDAS SOCIAIS, 2ª FASE, CONCELLO DE VALDOVIÑO. PLAN XXI DO FOMENTO DO TURISMO DA NATUREZA.

O Pleno toma coñecemento do contido da Resolución nº 18.663 de 07.12.04, aprobando a modificación citada.

ACTUACIÓN DE CONTROL

MOCIÓN

Sr. presidente

Hai unha moción presentada polo Grupo Popular para cuxa defensa ten a palabra o Sr. Eduardo Lamas, voceiro do Grupo Popular.

Sr. Lamas Sánchez

Moitas grazas, Sr. presidente, Sras. e Sres. deputados.

Sen lugar a dúbidas, a adxudicación do porto exterior, unha das actuacións máis emblemáticas do Plan Galicia, o pasado luns, é un feito histórico para a nosa provincia, para a cidade da Coruña e para Galicia. Por iso, en primeiro lugar, expresar a nosa satisfacción pola mencionada adxudicación, satisfacción que estou seguro que compartimos todos as Sras. e Sres. deputados. Sempre defendemos a necesidade do porto exterior e seguiremolo defendendo diante dos posíbeis obstáculos que poidan xurdir. A lealdade e o consenso presidiron a relación entre as administracións implicadas desde a súa aprobación no Consello de Ministros celebrado no Pazo de María Pita o 24 de xaneiro de 2003.

Todas as decisións vinculadas a este proxecto foron adoptadas por consenso unánime das catro administracións implicadas: Ministerio de Fomento, Xunta de Galicia, Concello da Coruña e Concello de Arteixo, consenso que se reflectiu definitivamente nos acordos aos que se chegou o pasado 2 de febreiro, nos que se aprobou a solución técnica que se vai executar, o proxecto financeiro elaborado por Portos do Estado, así como o convenio urbanístico para a reordenación dos portos. Estes acordos permitiron proceder á licitación das obras no BOE do 25 de febreiro.

Porén, esta actitude de leal colaboración e consenso rómpese, en primeiro lugar, na sinatura dun novo convenio urbanístico entre o Ministerio de Fomento e o Concello da Coruña, sinatura na que non participan as outras dúas administracións implicadas.

En segundo lugar, no propio Consello de Administración da Autoridade Portuaria da Coruña na mañá do 20 de decembro, por falta de apoio efectivo de catro dos representantes da Administración xeral do Estado, que deron o seu respaldo condicionado a que o plan financeiro do proxecto se axuste aos prazos fixados pola Unión Europea para acceder aos fondos de cohesión e estruturais, ollo con isto dos fondos estruturais! Para nós é un aspecto moi importante, Sras. e Sres. deputados, de se producir suporía, ou podería supor na práctica financiar o porto exterior con partidas destinadas ao AVE ou ás autovías.

Esta postura parece confirmar a falta dun compromiso total da actual Administración central do Estado, que o noso grupo considera intolerábel e incomprensíbel, pois a construción do porto exterior de Punta Langosteira constitúe un compromiso do Estado con Galicia, que ademais se referendou en numerosas declaracións públicas, tanto pola ministra de Fomento como polo propio presidente do Goberno. Non se entende, xa que logo, que se o mesmo presidente do Goberno ratifica publicamente o compromiso do anterior executivo con este novo porto, que se ademais a semana pasada destacados voceiros do Partido Socialista informan que o porto exterior ten garantidos os fondos europeos, os representantes do Estado condicionasen a contratación á espera da concesión de fondos europeos.

O noso grupo considera que o compromiso do Estado coa construción do porto exterior non pode nin debe depender da concesión de fondos europeos, polo que lle corresponde ao Ministerio de Fomento garantir a cobertura financeira da parte correspondente aos fondos comunitarios previstos para o financiamento da obra.

É necesario ter en conta, ademais, a condición de porto de interese xeral, cuxa titularidade é, en consecuencia, estatal.

En definitiva, Sr. presidente, Sras. e Sres. deputados, solicitamos para a nosa terra o mesmo trato que o dado ao porto de Xixón, e sometemos a consideración do Pleno e pedimos o seu apoio, como se produciu noutros parlamentos, á aprobación do acordo, que queda reducido, despois da adxudicación do pasado luns, ao seguinte:

“A Deputación da Coruña insta ao Ministerio de Fomento ao seu firme compromiso co porto exterior de Punta Langosteira, de forma que demande do goberno do Estado que garanta nun programa plurianual o financiamento con fondos propios ou de cohesión provenientes da Unión Europea, para proceder de inmediato á execución das obras do porto exterior de Punta Langosteira”.

Moitas grazas.

Sr. Bello Costa

A Deputación provincial ten órganos de goberno e representatividade, como este Pleno da Corporación, que lle fan ir máis alá dos localismos, ou das propias bisbarras, e desde unha perspectiva precisamente provincial nós queremos centrar tamén este debate político, non unicamente nun dos portos, ao que hoxe fai mención o Partido Popular a través da súa moción, porto exterior da Coruña, senón que na provincia neste momento estase a executar xa tamén outro porto exterior, neste caso o porto exterior de Ferrol, que no primeiro semestre do ano 2005 rematará a súa primeira fase, aproximadamente entre o mes de maio e o mes de xuño este grande ancoradoiro, motor fundamental da bisbarra de Ferrolterra vai ser unha realidade.

Queremos, polo tanto, ademais de apoiar a construción do porto exterior da Coruña, aproveitar esta ocasión para, desde esa perspectiva provincial, desde ese sistema portuario provincial, que a Deputación se manifeste, non só respecto ao porto exterior da Coruña, senón tamén da necesaria segunda fase do porto exterior de Ferrol, e desde esa perspectiva pediríalles aos proponentes, teño que aclararlle, Sr. presidente, para coñecemento desta Cámara, que con anterioridade mantivemos unha breve reunión os voceiros dos grupos políticos e representantes dos grupos, para os informar desta necesidade de afrontar desde o punto de vista da perspectiva provincial este tema, e eu xa agradezo de antemán a receptividade e o apoio que sei que se vai expresar a este engadido que lle pedimos aos proponentes do texto que remata de ler o Sr. Eduardo Lamas.

Falaba o Sr. Eduardo Lamas do porto exterior, “do programa plurianual con fondos propios ou de cohesión provenientes da Unión Europea para proceder de inmediato á execución das obras do porto exterior de Punta Langosteira”, e a proposta que facemos é a continuación o texto podería ser este: “Así mesmo, instar”, -falabamos antes no encabezamento ao Ministerio de Fomento, entón “así mesmo, instar ao Ministerio de Fomento a que autorice o investimento necesario para a licitación da segunda fase do porto exterior de Ferrol coas mesmas liñas de financiamento que para o porto exterior de Punta Langosteira”. Esta é a proposta de engadido, proposta que, en principio contou xa coa conformidade e visto e prace dos grupos políticos. Moitas grazas. Sr. presidente.

Sr. Nogueira Fernández

Eu vou facer unha breve intervención, procurarei ser breve, non vou entrar en matizacións importantes que se podían ter feito xa que, debido a que este é o último Pleno que se vai celebrar este ano e estamos nestas datas de decembro, eu coido que reina neste salón de Plenos un espírito propio do Nadal, e non imos entrar nunha rifa política de matizacións de distintas intervencións, polo tanto, a miña intervención vai ser simplemente de explicar o voto que van proceder o grupo de deputados socialistas, pero tamén algunha matización importante para saber o que se vai producir no fondo da intervención.

Nós imos apoiar esta moción que presenta o grupo popular, co engadido que fai o Bloque, sabendo que o fondo é o importante e o fondo é o apoio que vai demostrar esta Deputación á construción do porto exterior da Coruña e ao remate do porto de Ferrol, sabendo que ao mellor non é moi acertada a interpretación, ou a redacción que se deu á redacción da moción. Teñamos en conta que hai aproximadamente uns sete meses, ou nove meses, a Autoridade Portuaria da Coruña enviou a través das autoridades do goberno central a solicitude de fondos a Europa para o porto exterior de Punta Langosteira, solicitude que foi rexeitada, ou foi denegada, ou matizada, pola Unión Europea, por non atermos ás normas da propia Unión Europea. Nalgunha parte da redacción desta moción éntrase en contradición, ou contradise, ou vai en contra das normas da Unión Europea, entón espero, e nese sentido son coñecedor que a

Autoridade Portuaria está a redactar correctamente o Plan económico financeiro para non pedir algo que non existe, ou pedir algo que entra fóra de prazos, como se solicitou hai uns cantos meses e foi o que motivou o rexeitamento da Unión Europea, non ao porto exterior da Coruña, senón a que se solicitasen fondos de cohesión, por exemplo, até o ano 2013, cando os fondos de cohesión rematan no ano 2006. Entón, de acordo ao mandato e á carta que enviou a responsábel da Unión Europea e porto exterior, a Autoridade portuaria está a facer o proxecto económico financeiro de acordo a ese calendario, que é que os fondos de cohesión duran até o ano, hai que solicitalos antes de 2006, haberá que executalos antes de 2010, e a partir de aí existen outros fondos, sen especificar que outros fondos, xa que como todos os que estamos sentados aquí sabemos, nestes momentos estase a proceder coa negociación dos fondos europeos, motivados pola entrada dos países do leste, e aínda non está claro que existan os fondos de cohesión, se España vai ser receptora deses fondos de cohesión, parece que non, pola entrada deses países do leste, non sabemos aínda se van existir fondos estruturais, se os fondos estruturais se van repartir aos países, ou se van repartir ás rexións para axudar ao desequilibrio, polo tanto, non fagamos matices e poñamos nomes, porque nos podemos encontrar que dentro duns meses, se se manda determinada documentación a Europa, nos veña rexeitada.

O porto de Xixón non se rexeitou, ou si se lle asignaron fondos, e é a única matización á intervención do deputado do PP, don Eduardo Lamas, eu coido que é malo formular os temas como agravio comparativo, por que a un porto se lle dá e a outro non. O porto de Xixón é moito máis sinxelo de construción que o porto da Coruña, polo tanto, o seu prazo de execución é moi breve, e entra dentro dos prazos de execución e de execución dos fondos de cohesión, ten un prazo de execución de dous-tres anos e no ano 2007 rematará a construción do porto de Xixón.

O luns adxudicouse a obra do porto de Punta Langosteira na Coruña e ten un prazo de execución entres seis anos e medio e sete anos, polo tanto, estamos a falar do ano 2011, 2012, e os fondos de cohesión rematan en 2009-2010, o que hoxe coñecemos, o que saia dentro da negociación que se está a levar na Unión Europea nos próximos meses non o sabemos.

Polo tanto, volvo ao principio da miña intervención porque o importante é mostrar a vontade política da deputación de apoio aos dous portos que existen nesta provincia, por iso o grupo de deputados socialistas van votar a favor do fondo da moción.

Sr. Lamas Sánchez

Moi brevemente, en primeiro lugar para mostrar a nosa disposición do grupo do Partido Popular á emenda ou engadido do voceiro do Bloque Nacionalista Galego. Por suposto, a nosa preocupación, un pouco pola alarma social, en primeiro lugar, foi debida á falta de adxudicación do porto exterior, pero compartimos, nós estamos aquí

para defender os intereses de toda a provincia e o porto de Ferrol tamén é unha necesidade importante e nós asumimos esa emenda do voceiro do BNG.

Contestando ao Sr. Nogueira, tamén con ese espírito propio do Nadal, que é importante, simplemente dicirlle, non imos entrar en cuestións, que nós, todos os que estamos aquí temos moi claro que o noso obxectivo é defender os intereses da provincia, e a min non me gusta falar de agravios, pero hai realidades que están aí e que todos coñecemos, á parte do porto de Xixón tamén viña hoxe na prensa o porto de Sevilla, e coido que todos temos a obriga de loitar para que non se detraian dos fondos que xa están asignados a Galicia nin un céntimo para que se poidan facer eses investimentos que son tan necesarios e que penso que Galicia gañou e que están recollidas no Plan Galicia.

E para sintetizar como quedaría a moción e a nosa proposta sería o seguinte:

A Deputación da Coruña insta ao Ministerio de Fomento ao seu firme compromiso co porto exterior de Punta Langosteira de forma que demande do goberno do Estado que garanta un programa plurianual de financiamento con fondos propios ou de cohesión, provenientes da Unión Europea para proceder de inmediato á execución das obras do porto exterior de Punta Langosteira.

Así mesmo, o investimento necesario para licitación da segunda fase do Porto Exterior de Ferrol coas mesmas liñas de financiamento.

Nada máis e moitas grazas.

Sr. Nogueira Fernández

Para lle aclarar ao deputado, dentro do espírito propio do Nadal, D. Eduardo Lamas, que lle podo garantir que a Autoridade Portuaria, que é a responsábel da execución do proxecto do porto exterior, nestes momentos está a traballar coa empresa que foi adxudicataria o luns, que é a empresa Dragados, para tentar incluír, para meter todas as unidades de obra que poida antes de 2010, para que vaia con fondos de cohesión a maior cantidade, pero o que non se poida executar enteiramente, a Unión Europea non permite a división, o dique, o morro do porto, se non se pode executar antes de 2010, non se pode dividir en dúas e unha parte financiar con fondos de cohesión e outra parte con outros fondos, a Unión Europea esixe unidades completas de obras, niso está a traballar a Autoridade Portuaria para remitirlle a Europa eses fondos, a sorte que poden ter outros portos é que son máis doados nunhas zonas ao mellor moito máis doados de construír, e polo tanto, tanto o porto de Xixón como outros portos que se están a financiar con fondos europeos, vanse executar antes de 2010, e polo tanto, poden gastar o cen por cento do que custa ese proxecto con fondos de cohesión. Nós, por desgraza, non podemos porque se atrasou tanto a adxudicación do porto exterior. Nada máis.

Sr. Lamas Sánchez

Estamos de acordo, todos estamos de acordo, simplemente, e ese é o fondo da cuestión, e eu coido que quedou suficientemente claro na primeira intervención, que perfecto, pero que sexan con fondos de cohesión, ou con outro tipo de fondos, non cos fondos Feder que dalgunha forma podería formular unha gran incógnita sobre obras que nestes momentos son importantes para Galicia.

Sr. presidente

Eu penso que todos compartimos un pensamento, é que as obras do porto exterior da Coruña comezan canto antes, e as obras de finalización do porto exterior de Ferrol, tamén continúan canto antes e rematan canto antes, e eu coido que recollemos con isto o espírito, non só da cámara, senón o espírito de toda a provincia.

A moción presenta un problema desde o punto de vista do procedemento, porque esta non é a moción do Partido Popular. Para tramitar esta nova moción teríamos que retirar a moción do Partido Popular porque constaba de dous puntos e é un tema de procedemento, dime o secretario, ou se vota na súa totalidade, ou se retira, e isto serve, a moción do Partido Popular serve para que os tres grupos se poñan de acordo e a substitúan por outra, onde se engade un punto máis. Entón, teríamos que solicitarlle ao voceiro do Grupo Popular que retire a súa moción, dábamos por presentada a moción acordada polos tres grupos, someteríamola a urxencia e votariámola despois, é o trámite de procedemento que hai que seguir neste caso.

Sr. Torres Colomer

A verdade é que non entendo moi ben porque hai que retirar a moción, porque calquera moción pode sufrir no seu debate unhas emendas “in voce” ou unhas transaccións, normalmente, pero o fondo é que non imos debater agora temas xurídicos que non vale xa neste momento, porque o fondo sabemos todos cal é, que é iniciar canto antes ese porto exterior da Coruña e rematar canto antes ese porto exterior de Ferrol, pero de verdade, eu coido que calquera moción no curso do seu debate pode sufrir cambios por emendas “in voce”, ou transaccións ás que se poden chegar cos outros grupos. Neste caso é unha transaccional, un acordo dos tres grupos políticos e debería de manterse, tamén se é problema retirámola e votamos o novo acordo que o fondo sabemos todos cal é. Moitas grazas.

Sr. presidente

Sr. Torres, eu consultei co secretario xeral e comenteillo ao voceiro neste caso do PP, o secretario xeral di que hai que facer así, di “agora, facede o que queirades, se o declaran nulo a min tráeme sen coidado”, polo tanto, para evitar que o declaren nulo imos seguir as normas que nos ditan. O problema que temos é que aprobamos 23 puntos de temas que son da deputación, sen debate, e ímonos complicar cun tema que

podemos expresar a nosa opinión, e coido que está clara, ímonos complicar por un tema de procedemento, non ten sentido.

Sr. secretario

A presentación de mocións en principio é unha garantía para as minorías de que a maioría non a vai cambiar a moción a través dunha emenda á totalidade, como sucedeu nalgún caso. A xurisprudencia se pronunciou nese senso, é dicir, que a moción que presenta a minoría é unha garantía para ela e, polo tanto, ten que debaterse e votarse nos termos en que a minoría a presentou. Despois hai outra cuestión que se incluía na orde do día para que os deputados soubesen o que se ía votar con antelación suficiente, precisamente dous días antes, para que a visen e tivesen o coñecemento suficiente e poder votar con coñecemento de causa. Esta é unha moción que, naturalmente, altera a que había, nos termos en que estaba. Nós sabemos neste caso, evidentemente, que o alcance é mínimo e practicamente queda igual, e calquera deputado pode enseguida facer coñecemento dos cambios e demais, pero como se abre un precedente que despois noutro momento calquera deputado pode presentar unha moción, a maioría presenta unha emenda á totalidade, cámbiaa totalmente, e nin se debate, nin se vota o que realmente presentaron, e despois ademais os deputados no momento poden non coñecer o que hai, por iso está a garantía da declaración de urxencia cando non se coñeceu nos termos precisos nos días anteriores. Esa é a cuestión unicamente, por unha garantía para o futuro, por non abrir un precedente que, naturalmente, pode ir precisamente contra a garantía da minoría, e contra o coñecemento necesario que teñen que ter os deputados antes de resolver, nada máis. De todas as formas, como esta é unha simple declaración política que non resolve, non é unha resolución administrativa, por iso digo que desde o punto de vista administrativo tampouco ten maior transcendencia que pode o presidente que dirixe a sesión decidir o que considere máis conveniente neste caso, nada máis.

Sr. Torres Colomer

Ao final deicida o que vostede vexa mellor, Sr. Presidente, pero eu coido que aquí ningunha minoría se ve asoballada nin aldraxada polas maiorías, porque nós aceptamos gustosos as emendas ou engadidos que poñen os demais grupos políticos, polo tanto, non hai aquel..., pero por favor, Sr. presidente, non sigamos este debate, vostede mesmo decida o que considere máis oportuno.

Sr. presidente

Hai dúas alternativas de procedemento: sometemos a votación a moción do PP e votamos en contra, e propomos unha moción de urxencia e votámola todos a favor, entón, eu coido que o máis sensato é retirala, retirase e sométese a declaración de urxencia da moción acordada.

Sr. Torres Colomer

Sr. presidente, xa falarei despois co Sr. secretario xeral, que non era o momento aquí, eu xa dixen antes que non estaba conforme co que di o Sr. secretario xeral, pero que estábamos dispostos a retirala, polo tanto, retirámola e que se vote a moción transaccionada polos tres grupos políticos.

Retírase a moción do Partido Popular e vótase a urxencia da moción acordada polos tres grupos políticos.

Aprobada a urxencia por unanimidade, vótase a moción que se aproba tamén por unanimidade.

MOCIÓN DOS TRES GRUPOS POLÍTICOS PARA SOLICITAR A ADXUDICACIÓN SEN CONDICIÓN DAS OBRAS DO PORTO EXTERIOR DE PUNTA LANGOSTEIRA

A Deputación da Coruña installe ao Ministerio de Fomento o seu firme compromiso co porto exterior de Punta Langosteira, de xeito que:

Demande do Goberno do Estado que garanta nun programa plurianual o financiamento, con fondos propios ou de cohesión, provenientes da Unión Europea para proceder de inmediato a executar as obras do porto exterior de Punta Langosteira.

Así mesmo, o investimento necesario para licitar a segunda fase do porto exterior de Ferrol coas mesmas liñas de financiamento.

Sr. presidente

O que deberíamos destacar aquí é a vontade do Pleno da Deputación, que penso que coincide coa vontade da maioría dos cidadáns da provincia, de que o porto da Coruña se inicien as súas obras canto antes e de que o porto de Ferrol se inicie a súa finalización tamén canto antes, e oxalá o espírito propio do Nadal que dicía o Sr. Nogueira que anima esta sesión, dure todo o ano.

Sen máis asuntos dos que tratar remata a sesión, sendo as doce horas e cincuenta minutos, procedéndose a redacta-la acta e autorizándose a súa transcripción, que asino co Ilmo. Sr. Presidente, de todo o cal, eu, o Secretario, dou fe.